


POBOADO CASTREXO DO CASTRO

Localización:

Atópase no monte do Castro que é o punto de orixe da cidade de Vigo, o lugar onde os primeiros poboadores se asentaron. Actualmente se conservan unhas 45 construcións pétreas na ladeira dereita do monte.



Castro: Poboado castrexo do Castro

Localidade: Vigo (Pontevedra)

Data escavación: 1952, 1970 e anos oitenta



Algunha característica especial:

O Castro de Vigo, foi unha aldea fortificada de gran tamaño (oppidum) con poder político, económico e social sobre os demais castros da súa área de influencia.

Foi habitado entre o século I a.C. e o século III d.C.



Descrición do castro:

Neste castro atopáronse restos de vivendas, almacéns e talleres. A maioría son de planta circular pero as hai ovais e cuadrangulares. Están construídas en pedra con tellado de materia vexetal aínda que habería algún de tella.

A existencia de diversas canles e pequenos pozos de auga, dan idea dunha posible actividade manufactureira: curtido, tratamento de fibras vexetais, minerais, salgaduras...